

CONVOCATORIA DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES PARA O ESTUDANTADO DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN ESTUDOS MEDIEVAIS EUROPEOS: IMAXES, TEXTOS E CONTEXTOS

CURSO 2022/2023

O Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: imaxes, textos e contextos convoca prazas para a realización de prácticas académicas externas curriculares para o seu alumnado.

A realización de prácticas académicas externas regularase polo Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, polo Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela (USC) aprobado polo Consello de Goberno do 29/07/2015 así como por esta convocatoria e demais disposicións xerais de aplicación.

A realización efectiva das prácticas convocadas poderá exceder do período ordinario do curso académico con límite ata o 30 de setembro do curso seguinte.

1.- Obxectivo das prácticas

Segundo se establece no artigo 17.3 do Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro de organización das ensinanza universitarias e do procedemento de aseguramento da súa cualidade, o seu obxecto é reforzar a formación recibida polo estudantado mediante o desenvolvemento formativo tutorizado pola universidade en institucións, administracións, empresas, organizacións sociais e sindicais e noutras entidades, para pór en práctica as competencias e habilidades adquiridas ou mellorar, de ser o caso, a capacidade investigadora.

2.- Duración das prácticas

As prácticas externas curriculares teñen a duración establecida no plan de estudos correspondente, 6 créditos ECTS optativos, que se corresponden con 150 horas, considerando unha equivalencia de 25h/ECTS. A súa distribución en horas, de acordo co plan de estudos vixente, é:

- Prácticas: 140 horas de traballo presencial na entidade/empresa
- Memoria de prácticas: 10 horas de traballo do/a estudante

3.- Requisitos dos/as aspirantes

1. Estar matriculado/a nos estudos de Máster no curso 2022-2023.
2. Non ter realizado o depósito do título nin solicitalo ata a finalización das prácticas. No caso de facelo durante o período de desenvolvemento destas, o trámite de depósito de título porá fin ás prácticas.
3. Non manter ningunha relación contractual coa empresa, institución ou entidade pública ou privada na que se van realizar as prácticas, agás autorización expresa do órgano convocante e da entidade colaboradora que se poderá outorgar cando as prácticas a realizar non teñan ningunha relación co contido do contrato laboral en vigor.

4.- Oferta de prazas

As prazas que se poden solicitar e as súas características son as que se indican no Anexo I da presente convocatoria.

5.- Prazo e lugar de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase ao día seguinte da publicación da correspondente convocatoria no taboleiro electrónico da USC e terá unha duración de 9 días hábiles. A convocatoria tamén se fará pública na intranet da páxina web da Facultade de Filoloxía (<https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-filologia>) e na web propia do Máster.

As persoas candidatas deben formalizar a súa solicitude enviando o formulario do Anexo II da presente convocatoria, cuberto e asinado, ao enderezo de correo electrónico filoloxia.decanato@usc.gal. Así mesmo, este formulario estará dispoñible na intranet da web do centro e na web propia do Máster.

De ser varios os destinos de prácticas solicitados, deberá indicarse a orde de preferencia.

6.- Lugar de notificación dos actos derivados da presente convocatoria

Os actos derivados da presente convocatoria publicaranse no taboleiro electrónico da sede electrónica da USC: <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm> así como na intranet da páxina web da Facultade de Filoloxía: <https://www.usc.gal/es/centro/facultad-filologia>.

7.- Selección de candidaturas

No proceso de selección garantíranse os principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade dos/as solicitantes.

Outorgárase prioridade na selección e adxudicación de prácticas aos/as estudantes con discapacidade, co obxecto de que poidan optar a empresas nas que teñan unha adaptación de medios para a realización das mesmas.

O alumnado seleccionado terá asignado un/ha titor/a académico/a na USC e un/ha titor/a profesional ou externo/a pertencente á entidade/empresa na que realiza as prácticas.

O criterio de selección que se aplicará para a asignación das prazas nos centros de prácticas externas será a nota media do expediente académico dos/-as candidatos/-as.

8.- Listaxes

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes publicarase a listaxe provisoria de asignación de destinos. Contra esta resolución caberá recurso ante o Decanato da Facultade no prazo máximo de 3 días hábiles dende o día seguinte á publicación no taboleiro electrónico da listaxe provisoria.

As reclamacións á lista provisoria faranse no rexistro electrónico da Sede Electrónica na seguinte ligazón: <https://sede.usc.es/sede/publica/registroEntrada/solicitudes/listaxe.htmr>

A lista definitiva poderá ser recorrida en alzada no prazo máximo dun mes ante o Decanato ou directamente ante o reitor, segundo os artigos 121 e 122 da Lei 39/2015.

Os/as estudantes seleccionados/as deberán poñerse en contacto na primeira quincena de febreiro cos respectivos titores académicos para que lles faciliten os datos da institución ou empresa na que van realizar as prácticas e lles expliquen o proceso a seguir. Posteriormente acordarán cos titores profesionais da entidade/empresa o período no que se van desenvolver as prácticas, así como o programa e horario de traballo.

A listaxe cos datos de contacto de titores académicos e profesionais figura no Anexo III desta convocatoria.

9.- Procedemento de avaliación

Á conclusión das prácticas, o/a titor/a externo/a da entidade/empresa realizará e remitirá ao/á titor/a académico/a da universidade un informe final onde recollerá o número de horas realizadas polo estudante e a valoración do traballo desenvolvido respecto das competencias xenéricas como das específicas, previstas no correspondente proxecto formativo.

Á conclusión das prácticas, o/a estudante elaborará e fará entrega ao/á titor/a académico/a dunha memoria final na que indique o traballo desenvolvido e a súa valoración así como os coñecementos e competencias adquiridos.

O/a titor/a académico/a, á vista do informe do/a titor/a da entidade/empresa e da memoria final do/a estudante, avaliará as prácticas desenvolvidas cubrindo o correspondente informe de valoración.

O estudantado terá dereito á revisión das cualificacións de acordo coa normativa da USC (Resolución do 15 de xullo de 2011 de Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, DOG 21/07/2011).

O recoñecemento académico das prácticas no expediente do estudantado realizarase despois de asinada a acta de prácticas polo/a titor/a académico/a ou coordinador/a das prácticas, segundo corresponda.

10.- Recursos

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada, perante o reitor da Universidade de Santiago de Compostela, no prazo dun mes que comezará a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (B.O.E. do 2 de outubro).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O/a Cordinador/a do Mestrado en Estudos Medievais Europeos: imaxes, textos contextos

Asdo: Emilio González Miranda

ANEXO I

Solicitud de prácticas externas en empresas e institucións para estudantes do Mestrado en *Estudos Medievais Europeos: imaxes, textos e contextos.* Curso académico 2022-2023

APELIDOS E NOME:	
D.N.I.:	
TELÉFONO:	
CORREO ELECTRÓNICO:	

SOLICITA

Ser admitido/a no proceso de selección das prazas de prácticas externas en empresas e institucións convocadas para o curso académico 2022-2023. Para iso a continuación indico as empresas ou institucións que me interesan por orde de preferencia:

(poñer un número indicando a orde de preferencia)

Orde	Empresa ou institución (Campus de Santiago)	semestre
	Arquivo-Biblioteca Catedral de Santiago de Compostela	2º
	Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela	2º
	Arquivo Franciscano Provincial – Convento de S. Francisco	2º
	Biblioteca Franciscana Provincial – Convento de S. Francisco	2º
	Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades	2º
	Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC). Instituto Padre Sarmiento.	2º
	Fundación Catedral de Santiago de Compostela	2º
	Servicio de Publicacións e Intercambio Científico (SPIC)	2º
	GI-1350: Románicas (Filoloxía, Literatura medieval)	2º
	GI-1353 Grupo de análise de aspectos lingüístico-literarios na lusofonía	2º
	GI-1907 Iacobus: Proxectos e estudos sobre patrimonio cultural	2º
	GI-1908 Estudos Clásicos e Medievais	2º
	GI-1920 Textos e contextos alemáns: sincronía e diacronía.	2º

Santiago de Compostela, de de 2022.

(sinatura do/a interesado/a)

SR. COORDINADOR DO MESTRADO EN ESTUDOS MEDIEVAIS EUROPEOS: IMAXES, TEXTOS E CONTEXTOS

ANEXO II**Máster en Estudos Medievais Europeos: imaxes, textos e contextos****CALENDARIO Prácticas Externas****Curso 2022/2023****1) Publicación da convocatoria****07 de novembro de 2022****2) Presentación de solicitudes****08 ao 18 de novembro de 2022****3) Adxudicación de prazas****21 ao 25 de novembro de 2022****4) Publicación das adxudicacións provisorias****29 de novembro de 2022****5) Reclamacións á listaxe provisoria****30 de novembro ao 02 de decembro de 2022****6) Publicación da listaxe definitiva****05 de decembro de 2022**

ANEXO III

Lista de titores académicos e titores profesionais para as prácticas externas en empresas e institucións para estudantes do Mestrado en *Estudos Medievais Europeos: imaxes, textos e contextos*.

Curso académico 2022-2023

Empresa ou institución (Campus de Santiago)	TITOR ACADÉMICO	TITOR PROFESIONAL	PREVISIÓN DE PRAZAS
Arquivo-Biblioteca Catedral de Santiago de Compostela	Emilio González Miranda emilio.gonzalez.miranda@usc.es	Arturo Iglesias Ortega medieval@catedraldesantiago.es	2
Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela	David Chao Castro david.chao@usc.es	Víctor Manuel Camino Giadán victor@ahds.es	1
Arquivo Franciscano Provincial – Convento de S. Francisco	Israel Sanmartín Barros israel.sanmartin@usc.es	Verónica Arán archivoprov@ofmsantiago.com	2
Biblioteca Franciscana Provincial – Convento de S. Francisco	Israel Sanmartín Barros israel.sanmartin@usc.es	Carmen Martínez Vázquez biblioteca@ofmsantiago.com	2
Centro “Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades”	Déborah González Martínez deborah.gonzalez@usc.es	Manuel González González manuel.gonzalez.gonzalez@usc.es	3
Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC). Instituto Padre Sarmiento.	David Chao Castro david.chao@usc.es	Pablo S. Otero Piñeyro Maseda pablo.pineyro@csic.es	1
Fundación Catedral de Santiago de Compostela	David Chao Castro david.chao@usc.es	Ramón Yzquierdo Peiró museo@catedraldesantiago.es	1
Servicio de Publicacións e Intercambio Científico (SPIC)	Emilio González Miranda emilio.gonzalez.miranda@usc.es	Juan Luis Blanco Valdés juanluis.blanco@usc.es	1
GI-1350: Románicas (Filoloxía, Literatura medieval)	Esther Corral Díaz esther.corral@usc.es	Pilar Lorenzo Gradín pilar.lorenzo@usc.es	1
GI-1353 Grupo de análise de aspectos lingüístico-literarios na lusofonía	Emilio González Miranda emilio.gonzalez.miranda@usc.es	María Isabel Morán Cabanas isabel.moran.cabanas@usc.es	1
GI-1907 Iacobus: Proxectos e estudos sobre patrimonio cultural	Marta Cendón Fernández marta.cendon@usc.es	Juan Manuel Monterroso Montero juanmanuel.monterroso@usc.es	1
GI-1908 Estudos Clásicos e Medievais	Emilio González Miranda emilio.gonzalez.miranda@usc.es	José Carracedo Fraga jose.carracedo@usc.es	1
GI-1920 Textos e contextos alemáns: sincronía e diacronía.	Emilio González Miranda emilio.gonzalez.miranda@usc.es	Víctor Millet Schröder victor.millet@usc.es	1

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: EMILIO GONZÁLEZ MIRANDA, NIF ***1736**, 07/11/2022 10:03:30.

CSV: CCEA-0F17-4B09-841C